

COMPOSICIÓN DE TEXTOS 3: REINADO DE FERNANDO VII

Doc. 1.-Decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz (1814):

“As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois, sobre tal usurpación as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución (...); e o que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíase (...) de vontade xeral (...). Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas (...), senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos.”

Doc. 2.-Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820:

“Mentres eu meditaba maduramente, coa solicitude propia do meu paternal corazón, as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ó carácter nacional e ó estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprender o voso anhelos de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812, ó propio tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos, e como tenro pai condescendín ó que os meus fillos consideran que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional (...).”

Doc. 3.- Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, (...), viño decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor tódolos actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade, obrigado a sancionar as leis e a expedir as ordes, decretos e regulamentos que contra a miña vontade se me ditaban e expedían polo mesmo goberno”

Doc. 4.- Fernando VII promulga a Pragmática Sanción o 29 de marzo de 1832

Don Fernando VII, pola gracia de Deus (...) ós infantes, prelados (...) sabede:

Que nas Cortes que se celebraron no palacio do Buen Retiro no ano 1789, se tratou a proposta do Rei meu augusto pai da necesidade e conveniencia de facer observar o método regular establecido polas leis do reino e polo costume inmemorial de suceder na Coroa de España, con preferencia de maior a menor e de varón a femia, dentro das respectivas liñas pola súa orde, e tendo presentes os inmensos bens que da súa observancia por máis de setecentos anos reportara esta Monarquía, así como os motivos e circunstancias eventuais que contribuíron á reforma decretada polo auto acordado do 10 de marzo de 1713 (...)

As turbacións que axitaron Europa naqueles anos e as que experimentou despois a Península, non permitiron a execución destes importantes designios, que requirían días máis serenos. E restablecéndose felizmente pola misericordia divina a paz e a boa orde de que tanto precisaban os meus amados pobos, despois de ter examinado este grave negocio e oído o ditamen de ministros celosos do meu servizo e do ben público, polo meu real decreto dirixido ó mesmo Consello en 26 do presente mes, vin en mandarlle que (...) publique inmediatamente a lei pragmática.

COMPOSICIÓN DE TEXTO

En 1814 asínase entre Napoleón e Fernando VII o *Tratado de Valençay* que pon fin á Guerra da Independencia e repón o Borbón no trono. A volta do *Desexado* a España esperta desconfianza entre os liberais, que temen que o rei non respecte a *Constitución de 1812*, e esperanza entre os absolutistas, que, ansiando a regreso ó Antigo Réxime, instan ó rei, a través de manifestos (“Manifesto dos Persas”) e golpes de forza (intento de golpe de estado do xeneral Elío), a que se estableza no trono como rei absoluto. Confiado nos seus apoios, **Fernando VII** non só se nega a xurar a Constitución senón que **decreta** (*Decreto de Valencia*) **a anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz** (Doc. 1): *o meu ánimo é non só non xurar a Constitución senón declarar aquela Constitución e decretos nulos e de ningún valor nin efecto*. E denuncia que foi despojado da súa soberanía por uns poucos deputados (*o que era obra dunha facción, revestíase de vontade xeral*) que, apropiándose dela, impuxeron unha Constitución na que se recoñecía a soberanía nacional: *despoixáronme da soberanía... atribuíndoa á nación para apropiála para si... e dar... as leis que quixeron, impoñendo unha Constitución*. Con este decreto quedaba **restaurada a monarquía absoluta**.

O **Sexenio Absolutista** (1814-1820) caracterizouse pola **abolición da lexislación liberal das Cortes de Cádiz** (liberdade de imprenta; liberdade económica, igualdade ante a lei, o fisco e o servizo militar, etc.) e das institucións liberais (Concellos, Cortes, Milicia Nacional...) e o **restablecemento das do Antigo Réxime**: monarquía absoluta, Inquisición, Mesta, gremios, señoríos xurisdiccionais, terras vinculadas e devolución dos bens desamortizados... Para impoñer o absolutismo, o rei contou co apoio da Igrexa, da nobreza, dos xefes militares e das grandes potencias absolutistas europeas que, triunfantes tras derrotar a Napoleón, impuxeran no Congreso de Viena (1814) a Restauración absolutista. Neste período exerceuse unha forte **represión** (execucións, cárcere, destellos) sobre liberais e afrancesados, que se viron abrigados a exiliarse no Reino Unido.

O Sexenio caracterizouse tamén pola **inestabilidade política** (cambios frecuentes de ministros e influencia da camarilla); a **creba da Facenda** (xa en crise dende mediados do XVIII e agora agravada pola guerra colonial, que orixinaba gastos e reducía os ingresos, pla necesidade de reconstruír un país desfeito pola Guerra de Independencia (perdas de man de obra e materiais) e un anacrónico sistema impositivo de Antigo Réxime), que levou a que Martín de Garay propuxese un sistema de contribución única e proporcional á riqueza que, ante a oposición dos privilexiados, non se puido levar a cabo; e o **descontento** dos campesiños (pola recuperación dos tributos señoriais), da burguesía (pola restauración dos gremios) e dos liberais.

Os liberais seguían loitando clandestinamente (en sociedade secretas, como a masonería) por restablecer a Constitución. Nas súas actuacións contaron co apoio dunha minoría liberal do exército que protagonizou **pronunciamentos militares** para restablecer a orde constitucional. Os pronunciamentos de Díaz Porlier (A Coruña, 1815), de Espoz y Mina, de Lacy..., fracasaron e non conseguiron impulsar un cambio político. Pero, en 1820, o pronunciamento de **Riego** en Cabezas de San Juan (Sevilla) estendeuse por outras cidades españolas e mesmo europeas (ondas revolucionarias de 1820). Ante a situación creada, Fernando VII xura a Constitución de 1812 (Doc. 2: *fixéstesme comprender o voso anhelos de que se restablecese aquela Constitución promulgada en Cádiz no ano 1812*) e promete defendela: *Xurei esa Constitución... serei o seu máis firme apoio ... Marchemos francamente, eu o primeiro, pola senda constitucional*. Inaugurábase un novo período no reinado de Fernando VII: o Trienio Liberal.

O **Trienio Liberal** (1820-23) supuxo a concesión dunha **amnistía**, que deixou en liberdade a todos os presos políticos, e o **restablecemento da lexislación de Cádiz**: liberdade de prensa, liberdade de industria e comercio, recreación da Milicia Nacional como corpo de voluntarios para a defensa do réxime constitucional, abolición dos gremios, dos señoríos xurisdiccionais, das terras vinculadas, dos morgados, das ordes monacais e da Inquisición. **Restablecéronse nos seus cargos** nos concellos e nas deputacións **ás autoridades constitucionais** e, co obxecto de sanear a facenda pública, **desamortizáronse bens da Igrexa**.

Durante o Trienio **agravouse o endebedamento**, en parte pola guerra da independencia das colonias americanas. A posibilidade de pedir un préstamo exterior tomando como garantía os bens desamortizados non foi posible polo bloqueo de Metternich (chanceler austríaco e líder do período da Restauración). E, ante os insuficientes ingresos recadados polo fisco, non quedou máis remedio que incrementar os impostos indirectos, o que ocasionou malestar popular. Ademais, os **campesiños** estaban **descontentos** polas dificultades para acceder á terra e polos novos arrendamentos a pagar en metálico tras

chegar a un acordo “libre” co propietario absoluto das terras (novo concepto de propiedade do liberalismo), se non os satisfacían eran expulsados por impago.

Tamén condicionaron a política do Trienio as **diferenzas entre os liberais**. Os liberais **moderados** ou “**doceañistas**”, liderados por Martínez de la Rosa, eran partidarios dunhas reformas moi limitadas, do control da prensa e das sociedades como a masonería, do establecemento dun sufraxio censatario e dun Senado aristocrático, e de aumentar o poder do rei co fin de atraer cara ó liberalismo ós absolutistas máis moderados; mentres os liberais **exaltados** ou “**veinteañistas**” (**Mendizábal, Alcalá Galiano...**) eran partidarios de acatar a Constitución e lexislación de Cádiz e dun reformismo radical que rematase co Antigo Réxime e atraese cara ó liberalismo ás clases medias e populares.

Ademais, as **intrigas de Fernando VII** e o abuso do seu dereito de veto para frear as reformas, a organización das forzas conservadoras en **partidas realistas ou apostólicas**, con intentos fallidos de golpe de Estado e establecemento dunha Rexencia Absolutista en Urgell, e as **manobras da Santa Alianza** para restablecer a monarquía absoluta en España, engadiron dificultades ó Trienio. En 1823, as potencias absolutistas europeas, fieis ó principio de intervención nos países nos que o poder absoluto do rei estivese en perigo acordado no Congreso de Viena, decidiron actuar enviando o exército dos Cen Mil Fillos de San Luís, que repuxo a Fernando VII no trono do absolutismo.

A **Década Ominosa** (1823-33) iniciou coa invasión de España, por orde da Santa Alianza, polo exército francés de Luís XVIII dos **Cen Mil Fillos de San Luís**, comandado polo duque de Angulema (fillo máis vello de Carlos X de Francia), que, co apoio das tropas realistas españolas e sen a penas resistencia popular, repuxo a **Fernando VII no trono absolutista**, como se recolle no Doc. 3 *Sentado xa outra vez no trono... polas resolucións dos meus poderosos aliados e polos... esforzos... do duque de Angulema*. A volta ó absolutismo implicou a **derrogación de toda a lexislación aprobada durante o Trienio: Son nulos e de ningún valor tódolos actos do goberno... constitucional... que dominou... desde 1820... ata 1823**.

Coa volta ó absolutismo, moitos liberais tiveron que exiliarse no reino Unido e Francia (a partir de 1830, cando a revolución de xullo instaurou a monarquía constitucional de Luís Filipe de Orleáns) e dende estes países conspiraban contra Fernando VII. Outros sufriron unha violenta **represión**, con execucións (Riego, Torrijos, Mariana Pineda...), depuracións no exército e na administración, cárcere, peche de Universidades, etc. A represión foi exercida a través da Subintendencia Xeral da Policía, de Comisións militares, dos tribunais, dos Voluntarios Realistas e das Xuntas de Fe (herdeiras da Inquisición e baixo a autoridade dos bispos). A brutalidade da represión foi tan feroz que incluso a Santa Alianza intercedeu para suavizala, conseguindo que non se restablecese a Inquisición.

A Década supuxo o **restablecemento das institucións existentes antes de 1820**, agás a Inquisición ou o Consello de Estado. Pero as dificultades da Facenda, agravadas pola perda definitiva das colonias americanas (agás Puerto Rico e Cuba) obrigaron a buscar certo apoio do sector moderado da burguesía para realizar certas **reformas na administración** e en Facenda. Os cambios na administración orixinaron a creación do Consello de Ministros, do Banco de San Fernando, da Bolsa, do Código de comercio, etc. A **reforma fiscal**, imprescindible polo agravamento da crise financeira e a imposibilidade de obter novos préstamos estranxeiros, polo bloqueo de Reino Unido e Francia, levou a López Ballesteros (ministro de Facenda) a propoñer unha moderna reforma do sistema fiscal, que fracasou pola oposición dos grupos privilexiados. Non quedaba máis remedio que reducir a débeda pública e obter ingresos polo alugamento das minas a compañías estranxeiras.

A Década caracterizouse, tamén, polo malestar dos liberais, que conspiraban para forzar o cambio de réxime, e dos absolutistas, insatisfeitos polo que consideraban unha moderación da monarquía absoluta. A **conspiración liberal** máis salientable deste período foi a de **Torrijos** (Málaga, 1831), cuxos protagonistas se converteron en mártires da liberdade. Os absolutistas máis recalcitrantes, insatisfeitos pola suavización do Antigo Réxime e sobre todo por non restaurar a Inquisición, agrupáronse arredor de Carlos María Isidro, irmán do rei e herdeiro ó trono xa que Fernando VII non tiña descendentes. Das sucesivas **insurreccións dos absolutistas**, a máis importantes foi a **revolta dos agraviados ou malcontents** en Cataluña, esixindo a volta total ó absolutismo e a coroación de Carlos María Isidro como rei, a restauración da Inquisición, o exterminio das sociedades secretas e dos liberais, etc. A revolta foi sufocada, pero constituíu un antecedente da primeira guerra carlista.

Nos anos finais do reinado de Fernando VII, a **cuestión sucesoria** engadiu máis dificultades. En 1830, Fernando VII promulga a **Pragmática Sanción** (Doc. 4): *polo meu real decreto dirixido ó Consello... vin de mandarlle que... publique inmediatamente a lei pragmática*. Esta lei, que xa fora redactada por Carlos IV en 1789 e aprobada polas Cortes estamentais en 1789, aínda que non publicada, permitía, como era tradición en España (e recollida no código das Partidas), o acceso ó trono das mulleres: *nas Cortes que se*

celebraron... no ano 1789, se tratou a proposta do Rei meu augusto pai da necesidade... de facer observar o método... establecido polas leis do reino e polo costume... de suceder na Coroa de España, con preferencia de maior a menor e de varón a femia. En virtude da Pragmática quedaba derogado o Auto Acordado ou Lei Sálica, de orixe francesa, imposta por Filipe V en 1713. A lei de Carlos IV non se promulgara polo estoupido da Revolución Francesa (*as turbacións que axitaron Europa naqueles anos*) e ós graves conflitos que viviu España con posterioridade: abdicación de Carlos IV, monarquía de Xosé I, Guerra da Independencia, etc. (*e as que experimentou despois a Península*).

Meses despois da promulgación da Pragmática Sanción, Fernando VII tivo unha filla, Isabel, que segundo a nova disposición era a herdeira do trono en detrimento dos dereitos sucesorios de Carlos María Isidro, irmán do monarca. Esta nova circunstancia radicalizou a actitude dos absolutistas, que, desconformes coa Pragmática, redobron os seus esforzos por facerse co poder. Nos **sucos de La Granja** (1832), aproveitando unha enfermidade do rei, conseguiron que se revocase a Pragmática; pero, recuperada a saúde, Fernando VII, premido polos anticarlistas e pola raíña María Cristina, volveu asinar a Pragmática que asignaba como herdeira do trono á futura Isabel II. En 1833 morre Fernando VII, a raíña rexente e os seus colaboradores teñen que facer concesións ós liberais (apertura das Universidades, depuración dos carlistas do exército, amnistía...) para gañar máis apoios para a causa isabelina e así vencer a uns carlistas levantados en armas. A I Guerra Carlista vai estenderse durante toda a rexencia de María Cristina (1833-40), pero o carlismo vai estar presente na historia de España ó longo do XIX e boa parte do XX.

En conclusión, **o reinado de Fernando VII supuxo a crise definitiva do Antigo Réxime**, que se manifestou nunha constante **loita entre o liberalismo e o absolutismo monárquico** na que o exército, mediante pronunciamentos, xogou un papel determinante. Este protagonismo do exército vai quedar patente en multitude de ocasións ó longo do XIX e XX.